



CONVENIO PARA O ANO 2019 ENTRE A DELEGACION DO GOBERNO PARA O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS E CON CARGO AO FONDO DE BENS DECOMISADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a Mesa de Coordinación de Adxudicacións están adscritas ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, segundo o disposto no artigo 5 do Real Decreto 1047/2018, de 24 de agosto; e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia desenvolve as competencias nesta materia.

Que a Mesa de Coordinación de Adxudicacións, en reunión celebrada o 19 de xuño de 2019, con base nas atribucións conferidas no artigo 6 da Lei 17/2003, de 29 de maio, acordou asignar á Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade de 494.000,00 euros procedentes do Fondo de bens decomisados.

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade formalizou o 19/9/19 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente até o 31/12/19.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento dos seguintes programas:

- Elaboración da carteira de servizos en incorporación social de Galicia: 12.000,00 €.
- Programa de prevención do consumo de alcohol e outras drogas en contextos de ocio nocturno e de botellón de Galicia: 47.000,00€
- Programa de prevención indicada dirixida á redución de riscos e diminución de danos en drogodependentes en situación de emerxencia social: 111.500,00€
- Programa de seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceladas. (Programa ITINERE): 86.500,00€
- Programa de atención xurídico social en trastornos adictivos con problemática legal asociada (PAJS): 149.000,00€
- Programa de incorporación sociolaboral no paciente con trastornos adictivos: 77.000,00€.
- Programa de sensibilización en drogodependencias para penados a traballos en beneficio da comunidade: 7.000,00€
- Programa de prevención do suicidio no paciente con trastornos adictivos: 4.000,00€.

Que o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas) financiará a realización destes programas, segundo o acordado pola Mesa de Coordinación de Adxudicacións, cun total de 494.000,00 euros con cargo ao concepto 26.18.231A.458, que a tal fin dotouse con créditos provenientes do Fondo de bens decomisados





por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, en aplicación do art 3.1.b) da Lei 17/2003, de 29 de maio, reguladora deste Fondo.

Que as Comunidades Autónomas son destinatarias dos recursos do Fondo para o desenvolvemento e execución dos plans e programas de drogas, e a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas asume o financiamento dos referidos programas e a Comunidade Autónoma de Galicia asume o compromiso material da súa execución, sendo este o obxecto do convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O Secretario xeral técnico
(p.a. art. 6.1.c Decreto 41/2013)
O Vicesecretario xeral

Ramón Martínez Blanco

